

Inicio dun novo ciclo

**EROSKI LOGRA UNS BENEFICIOS ANTES DE
IMPOSTOS DE 40 MILLÓNS DE EUROS**

- O resultado operativo da súa actividade de distribución mellora un 20% e alcanza os 129 millóns de euros
- Cumpre con todos os seus compromisos adquiridos coa banca e eleva o montante total de débeda amortizada ata os 500 millóns de euros
- Os investimentos no 2016 superan os 87 millóns de euros, dedicados fundamentalmente á remodelación de tendas e á extensión do modelo comercial "contigo"
- A desactivación de créditos fiscais, axustada á nova fiscalidade que entrou en vigor en decembro, leva a un resultado despois de impostos negativo de 23 millóns de euros
- A facturación mantense estable nos 6.051 millóns de euros, impulsada polo crecemento a superficie constante do modelo comercial "contigo" que alcanza xa as 512 tendas de nova xeración

Elorrio, 26 de maio do 2017.- Grupo [EROSKI](#) pechou as súas contas, a 31 de xaneiro do 2017, cuns beneficios antes de impostos de 40 millóns de euros. O resultado operativo da súa actividade de distribución mellora un 20% e alcanza os 129 millóns de euros, mellorando a súa ratio sobre vendas en 0,41 puntos ata o 2,44%, froito do avance de modelo comercial "contigo" e da mellora da eficiencia na súa cadea de subministración cun incremento da produtividade de 7%, equivalente a 21 millóns de euros. A facturación mantense estable nos 6.051 millóns de euros.

Durante o pasado 2016, EROSKI cumpriu con todos os seus compromisos adquiridos coas entidades financeiras e amortizou débeda por valor de 221 millóns de euros. O montante total de débeda amortizada alcanza os 500 millóns de euros, considerando as realizadas por sociedades participadas e as do primeiro trimestre deste ano.

A xeración de ebitda foi de 244 millóns de euros, 4 millóns máis ca o exercicio anterior, o que amosa a solidez da actividade comercial do Grupo EROSKI. A desactivación de créditos fiscais, axustada á nova fiscalidade que entrou en vigor en decembro, leva a un resultado despois de impostos negativo de 23 millóns de euros, que mellora un 63% con respecto ao ano anterior.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNANDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O fortalecemento de EROSKI Club como plataforma de aforro e vinculación do Socio Cliente coa marca elevou o aforro total transferido por EROSKI aos consumidores ata os 260 millóns de euros, a través de ofertas e promocións cada vez máis personalizadas.

Os investimentos realizados no 2016 superan os 87 millóns de euros, a maior parte dedicados á remodelación da súa rede de supermercados e hipermercados que alcanza xa as 512 tendas de nova xeración e á extensión do modelo comercial "contigo", un modelo altamente competitivo que destaca por unha atención máis personalizada, por unha maior especialización en frescos e pola comercialización de alimentos de produción local, o que constrúe unha oferta comercial cada vez máis diferenciada pola súa contribución á práctica dunha alimentación máis saudable e dun consumo máis sostible.

Liñas extractadas da CONTA DE RESULTADOS CONSOLIDADA GRUPO EROSKI En millóns de euros		
	31/01/2017	ev
VENDAS NETAS (SEN IVE)	5.280,4	+ 0,02%
BENEFICIO OPERATIVO *	128,6	+ 20%
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	39,9	+ 97%
RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS	-22,8	+ 63%

* Antes de deterioracións de Fondos de Comercio e Activos Non Correntes e do resultado de vendas de Inmobiliado.

Pola súa banda, a sociedade matriz EROSKI S.Coop. acadou un resultado positivo de 1,5 millóns de euros de beneficio, o que tamén supón un cambio de signo fronte a exercicios anteriores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)